



TAXAS DA TITULACIÓN DE GRADUADO SUPERIOR EN  
BIOTECNOLOXÍA

1. Os prezos públicos dos créditos matriculados polos alumnos na titulación de **GRADUADO SUPERIOR EN BIOTECNOLOXÍA** serán equivalentes ó cálculo que establece o plano de financiamento para as titulacións con este mesmo grao de experimentalidade.
2. Os prezos públicos por cada crédito matriculado que debe aboa-lo alumno está constituído polo prezo da matrícula de cada crédito que será igual ó prezo que establece o Decreto de Prezos Públicos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para cada curso académico para as titulacións experimentais en primeira e segunda matrícula mailo prezo que por servizos corresponde a cada crédito.
3. O prezo de cada crédito que matricule o alumno nesta titulación para o curso 2002/2003 será o que segue (actualizado na mesma proporción que estableza para o vindeiro curso 2002/03 o decreto da Xunta de Galicia para as titulacións oficiais):
  - a) Prezo da matrícula de cada crédito 9,96 €
  - b) Prezo dos servizos docentes de cada crédito 51,56 €
  - c) Prezo total de cada crédito nesta titulación 61,52 €

Polo tanto o importe da matrícula será o que corresponda ó número de créditos matriculados polo importe de cada crédito, apartado c).

4. Os prezos públicos polos servizos de Secretaría como tarxeta de identidade, apertura de expediente, compulsas de documentos, certificacións e validacións de estudio, de se-lo caso, serán iguais que os que estableza o Decreto de prezos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por estes mesmos conceptos.
5. Os créditos que teñan que realizar os alumnos como complementos de formación non devengarán servizos docentes sendo o seu prezo o mesmo que estableza o Decreto de prezos públicos da Xunta de Galicia para as titulacións oficiais e con validez en todo o territorio nacional.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


... aludendo que contrate a Universidade.

7. Estes prezos aumentaranse na mesma proporción que para cada curso académico estableza o Decreto da Xunta de Galicia para as titulacións oficiais.
8. Para calquera outro prezo que deba aboa-lo alumno e non estea aprobado polo Consello Social aplicarase a tarifa de prezos públicos por servicios académicos que para cada curso regule o Decreto da Xunta de Galicia.



**Dilixencia:** para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 27 de maio de 2002, acordou, *aproba-las "TAXAS DA TITULACION DE GRADUADO SUPERIOR EN BIOTECNOLOXÍA"*. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2002

Vº e Pr.  
O RECTOR  
Por R.R. do 27/05/2002  
O Vº de Relacións Exteriores e  
Proxección Universitaria

  
Fernando Domínguez Puente

O SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL

  
  
Antonio López Díaz